



23 de febreiro
Día de Rosalía

LÍA CON ROSALÍA



Lía con Rosalía

Descrición

Un desafío de atención e rapidez. Xogo para completar estrofas inacabadas de poemas de Rosalía de Castro e conseguir o maior número de cartas de versos.

De 2 a 5 xogador@s, máis unha persoa que faga de árbitro do xogo.

A partir de 8 anos

Contido.

24 cartas de versos numeradas, 4 cartas de penalización e un caderno coas estrofas seleccionadas para o árbitro.

Instruccións.

Barállanse as cartas e colócase o mazo cara abaixo.

O árbitro coloca cara arriba 3 cartas.

Dáse un tempo para que @s xogador@s lean os versos.

De seguido o árbitro le un dos poemas que se corresponda con algún dos números das cartas da mesa.


@s xogadores deben poñer a man enriba da carta que completa o poema lido.

@ primeir@ que poña a man na carta correcta gáña e levanta outra carta do mazo.

Se lle sae unha carta de penalización debe pasar un turno sen xogar.

Se non é así a coloca cara arriba e se repite o xogo.

Gaña quen máis cartas xunta.



24

Vinde a lavarvos,
andá lixeiriños,
a cara pirmeiro,
dimpóis os peíños.

ai, iqué miniña!
¡Qué nena preciosa!
Dempois de lavada
parese unha rosa.



1

Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soídas.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime ond'está.



2

Miña Santiña,
miña Santasa,
miña cariña,
de calabasa:
hei de emprestarvos
os meus pendentos,
hei de emprestarvos
o meu collar;
hei de emprestarcho,
cara bonita,
si me aprendes
a puntear.



23

Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na veira do mare.

Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa;
encanta si ríe,
conmove si chora.



22

«Has de cantar,
meniña gaiteira,
has de cantar,
que me morro de pena.

Canta, meniña,
na veira da fonte;
canta, dareiche
boliños do pote.



3

-Vente, rapasa,
vente, miniña,
vente a lavar
no pilón da fontaña.



4

Cómo chove miudiño,
cómo miudiño chove;
cómo chove miudiño
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove



21

Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.

Lugar máis hermoso
no mundo n'hachara
que aquel de Galicia,
¡Galicia encantada!



20

Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra;
ben o pudera ter de ouro
miña Virxe se quixera.



5

Airiños, airiños aires,
airiños da miña terra;
airiños, airiños aires,
airiños, leváime a ela.



6

Eu ben vin estar o moucho
enriba daquel penedo.

¡Non che teño medo, moucho;
moucho, non che teño medo!



19

Meu Santo San Antonio,
daime un homiño,
anque o tamaño teña
dun gran de millo.

Daimo, meu santo,
anque os pes teña coxos,
mancos os brazos.



18

Pasa, río, pasa, río,
co teu maino rebulir;
pasa, pasa antre as froliñas
color de ouro e de marfil,
a quen cos teus doces labios
tan doces cousas lle dis.
Pasa, pasa, mais non vexan
que te vas ao mar sin fin,
porque estonces, iai, probiñas,
cánto choraran por ti!



7

Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cándos nos veremos.



8

Un repoludo gaiteiro,
de pano sedán vestido,
como un príncipe
cumprido,
cariñoso e falangueiro,
antre os mozos o pirmeiro
e nas siudades sin par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:

*-Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*



17

Si a vernos, Marica, nantronte viñeras
á festa do Seixo na beira do mar,
*ti riras, Marica, cal nunca te riches
debaixo dos pinos do verde pinar.*



16

¿Qué pasa ó redor de min?
¿Qué me pasa que eu non sei?
Teño medo dunha cousa
que vive e que non se ve.

Teño medo á desgracia
traidora
que ven, e que nunca se sabe
ónde ven.



9

Non hai sitiño
que máis me agrade
que aquel muíño
dos castañares,
donde hai meniñas,
donde hai rapaces
que ricamente
saben loitare;
donde rechinan
hasta cansarse
mozos e vellos,
nenos e grandes,
e, anque non queren
que aló me baixe,
sin que o soupera
na casa naide,
*fun ó muíño
do meu compadre;
fun polo vento,
vin polo aire.*



10

Nasín cando as prantas nasen,
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.
Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.



15

Cando era tempo de inverno,
pensaba en dónde estarías;
cando era tempo de sol,
pensaba en dónde andarías.
¡Agora... tan sóio penso,
meu ben, si me olvidarías!



14

-Teño tres pitas brancas
e un galo negro,
que han de poñer bos
ovos
andando o tempo;
i hei de vendelos caros
polo xaneiro;
i hei de xuntá-los cartos
para un mantelo;
**i heino de levar posto
no casamento;**



11

Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a podá-las viñas,
Xan vai a apañá-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
e vai á fonte por augua,
e vai a misa cos nenos,
e fai o leito i o caldo...
Xan, en fin, é un Xan
compreto,
desos que a cada muller
lle conviña un polo menos.
**Pero cando un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.**



12

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amstras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.



13

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou...

**iAdiós, adiós, prendas
do meu corazón!"**

